



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DE "TRABALLADORA SOCIAL", PRAZA PERTENCENTE Á ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE TÉCNICA, TÉCNICO DE MEDIOS (GRUPO A, SUBGRUPO A2 DA LEI 7/07) PERSOAL LABORAL, A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, NA OEP DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL DO ANO 2022 PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

PRIMEIRA.–OBJECTO E PREVISIÓNS XERAIS.

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de TRABALLADORA SOCIAL, que figuran cubertas a través de contrato de natureza laboral temporal na plantilla de persoal laboral no cadro de persoal laboral do Concello ten sido obxecto de inclusión, para quenda libre, na súa oferta de emprego público do ano 2022 para estabilización de emprego temporal, Oferta Pública de Emprego extraordinaria, aprobada por Resolución de Alcaldía DECRETO 2022-0122 [DECRETO OPE ESTABILIZACION] de data 18/05/2022, publicada no Boletín Oficial da Provincia BOP Núm. 119 – xoves, 26 de maio de 2022; DOGA DOG Núm. 102 Luns, 30 de maio de 2022.

Apróbase ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, da praza incorporada na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto, que fican publicadas na sede electrónica deste Concello: <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/info.0>

2. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases específicas e, no que proceda, nas anteditas Bases Xerais publicadas no BOP Núm. 167 – venres, 22 de xullo de 2022.

SEGUNDA.–CARACTERÍSTICAS DA VACANTE CONVOCADA.

Clase de persoal: persoal laboral fixo. Denominación: TRABALLADORA SOCIAL

Funcións.–As correspondentes ao posto segundo a RPT aprobada.

Retribucións.– As expresadas na Relación de Postos de Traballo aprobada, (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: completa.

TERCEIRA.–REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as e os aspirantes deberán reunir ademais dos requisitos previstos na base terceira das Bases Xerais, os seguintes, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

a) Estar en posesión do Título de Diplomatura universitaria en Traballo Social, Grao en Traballo Social ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación.

b) O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga 4 ou equivalente –, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará ao aspirante. Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán na que o aspirante amose o



Cod. Validación: 9W2DFR4X7HE9Q32DTQ82FWDK4 | Corrección: https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

seu coñecemento da lingua galega.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base sétima.

CUARTA.–PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I destas bases, no Rexistro Xeral deste Concello, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto con acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. Ás solicitudes de participación (Anexo I) deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión do mesmo, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.
- c) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 4 ou equivalente).
- d) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto nas Bases Xerais.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei



Cod. Validación: 9W2DFR4X7HE9Q32DTQ82FWDK4 | Corrección: <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



CONCELLO
DE
RIBAS DE SIL
(LUGO)

39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais.

QUINTA.-DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

1. O sistema selectivo empregado será o concurso.

2. **CONCURSO:** O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en 100 puntos e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

Experiencia profesional. Máximo (90) puntos.

Por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Ribas de Sil como persoal temporal: 0,50 puntos por cada mes completo de servizo.

Por servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes do Concello de Ribas de Sil como persoal temporal: 0,12 puntos por cada mes completo de servizo.

Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,15 puntos por mes completo.

Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,03 puntos por mes completo.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.

Forma de acreditar os méritos alegados:

Os servizos prestados nas Administracións Públicas acreditaranse mediante a vida laboral e copia do ou dos contratos subscritos, ambos documentos necesarios ou mediante a expedición dos certificados expedidos polas mesmas.

Os servizos prestados na empresa privada acreditaranse mediante a vida laboral e copia do ou dos contratos subscritos, ambos documentos necesarios.

De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Cursos de formación. Máximo (10) puntos.

Valórase a participación, como alumno, en cursos, seminarios, congresos ou xornadas de formación ou perfeccionamento, sobre materias exclusiva e directamente relacionadas coas funcións encomendadas ao posto a cubrir, sempre que se trate de accións formativas organizadas:

Por unha Administración Pública

Por unha Universidade.

Por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais.

Por Institución Sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público.

Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas.

Acreditaranse mediante a presentación de diploma ou certificación expedir pola Administración, Organismo ou Institución que houber impartido o curso, seminario, congreso ou xornada, ou que resulte competente para a súa expedición. En ningún caso valoraranse accións formativas impartidas por entidades privadas, distintas ás enunciadas.

Valoración dos cursos: 0,05 puntos por cada hora.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetira a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración. Así mesmo non se valorarán, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, **copias simples**.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as.

Esta resolución publicarase na sede electrónica do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

3. PROBA DE GALEGO. En cumprimento do sinalado, os aspirantes deberán realizar unha



Cod. Validación: 9W2DFR4X7HE9Q32DT082FWDK4 | Corrección: <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



CONCELLO
DE
RIBAS DE SIL
(LUGO)

proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego ou do galego ao castelán, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización. O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 20 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación). Están exentos da realización da proba de galego os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes, e acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 4 ou equivalente.

Os/as aspirantes serán cualificados como apto/a ou non apto/a; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles/ as aspirantes que non acaden a cualificación de aptos.

En Ribas de Sil

O ALCALDE





CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE "**TRABALLADORA SOCIAL**", PRAZA PERTENCENTE Á ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS (GRUPO A, SUBGRUPO A2 DA LEI 7/07) PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE:

Nome:

Apelidos:

D.N.I.:

Nacionalidade:

Data de Nacemento: _____,

Enderezo a Efectos de Notificacións:

Teléfono:

Correo Electrónico:

EXPÓN:

1º.- Que vista da convocatoria efectuada polo Concello para a provisión dun posto de "**TRABALLADORA SOCIAL**", PRAZA PERTENCENTE Á ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS (GRUPO A, SUBGRUPO A2 DA LEI 7/07) persoal laboral fixo (OEP ESTABILIZACIÓN 2022), mediante o sistema de concurso, conforme as Bases publicadas no BOE número: _____, de data: ____/____/____.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións exixidas nas bases referidas, na data de expiración do prazo de presentación da instancia.

3º.- Que declara coñecer e acepta as bases xerais e específicas da convocatoria para a provisión da praza referida.

4º.- Achego coa presente solicitude os seguintes documentos:

- ⇒ Copia do D.N.I. ou documento equivalente.
- ⇒ Copia da titulación esixida na convocatoria.
- ⇒ CELGA 4: SI NON
- ⇒ Documentación acreditativa dos méritos alegados:

- Experiencia profesional (relación da documentación presentada):

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. (...)

- Formación complementaria (relación da documentación que se achega dos cursos :

(denominación do curso) _____ Horas do curso: _____.

1. _____ Horas do curso: _____ horas
2. _____ Horas do curso: _____ horas
3. _____ Horas do curso: _____ horas



Cod. Validación: 9W2DFR4X7HEQ32DT082FWDK4 | Corrección: <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7



CONCELLO
DE
RIBAS DE SIL
(LUGO)

4. _____ Horas do curso: _____ horas
5. _____ Horas do curso: _____ horas
6. (...)

5º.- No caso de discapacidade. Grao de discapacidade:
Necesita tempo e medios para a realización das probas: Si/Non

SOLICITA:

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Ribas de Sil, a de de 20
Sinatura do do aspirante
Asdo.:

